

A CONTAMINACIÓN DO PLÁSTICO



SABÍAS QUE?

EN ESPAÑA, HAI SUPERMERCADOS QUE COBRAN 0,05 CÉNTIMOS DE EURO E ATA 0,10 CÉNTIMOS DE EURO SE A XENTE PIDE BOLSAS DE PLÁSTICO.

O NOSO PLANETA

O noso planeta é importante e é o único que temos, polo que debemos asegurarnos de que o coidamos e respectamos. Hai moitas iniciativas nacionais e internacionais para concienciar ás persoas da importancia de protexer o planeta, sendo o Día da Terra a máis famosa. Estes proxectos e iniciativas son relevantes e ademais ensinan á xente para levar a cabo novas rutinas e actividades que sexan menos nocivas para a Terra.

Unha desas iniciativas ten como foco o fin da contaminación do plástico. Mesmo hai gobernos que xa empezan a exporse medidas e empresas, sobre todo do sector da alimentación, que empezaron a aplicar medidas, como, por exemplo, cobrar unha pequena cantidade de diñeiro ás persoas que pidan bolsas de plástico.



QUE É A CONTAMINACIÓN DO PLÁSTICO?

É un dos maiores problemas do mundo actual. A contaminación do plástico xera moitos problemas no medioambiente e os hábitats que forman parte del.

O plástico é un material barato e por iso os humanos utilizámolo tanto durante moitos anos. Ademais de barato, é un material que dura moito e iso implica que unha vez tírase ao lixo ou ás entulleiras, tarda miles de anos en descompoñerse. Outro problema que xera este material é, que cando chega ós vertedoiros e empeza a descompoñerse, rompe en miles de anacos de plástico diminutos que acaban sendo transportados polo aire e van parar aos ríos e aos océanos, ameazando así a vida dos seres vivos.

É un problema grave que afecta os seres vivos, sobre todo á fauna mariña. Ademais, cando se fabrica o plástico, o proceso en si é moi nocivo para o aire, xa que se liberan gases que son tóxicos.



Que podes FACER para terminar coa CONTAMINACIÓN do PLÁSTICO?

Hai moitas cousas que podes facer para acabar coa contaminación do plástico. O máis importante que podes empezar a facer é lembrar a regra das **tres 'R': reducir, reciclar e reutilizar**. Tenta lembralo e lévalo á práctica sempre que che sexa posible.

REDUCE: Tenta non utilizar cousas de plástico que só poidas utilizar unha vez. Utiliza alternativas como, por exemplo, o bambú. Non compres xoguetes de plástico a non ser que sexan de segunda man e fala con xente da túa familia para que che axuden nesta misión de reducir plástico. Cantos máis, moito mellor!

REUTILIZA: Se tes obxectos de plástico, tenta utilízalos varias veces. Por exemplo, reutiliza botellas de auga ou refresco ou bolsas herméticas para a comida. Tenta non utilizar bolsas de plástico cando vas á compra. Podes comprar por un prezo moi baixo bolsas de tea que son moi resistentes. Se tes xoguetes de plástico cos que xa non xogas, non os tires e lévaos a algunha asociación ou ONG.

Recicla: Busca sempre o símbolo de reciclaxe antes de comprar algo de plástico e asegúrate de que reciclas sempre que che sexa posible.

GLOSARIO

DESCOMPOÑER:
DEGRADAR

TÓXICO: NOCIVO,
MALO.



PREGUNTAS

1. Cal destes son problemas provocados polo plástico? Marca dúas.

- Animais son envelenados e morren.
- O proceso de fabricación do plástico libera gases tóxicos.
- Xérase un imposto novo de plástico.
- Tarda dez anos en descompoñerse.

2. Relaciona estas preguntas cos seguintes termons: reducir, reciclar e reutilizar

- Asegúrate de reciclar e de colocar o plástico no seu contedor adecuado.
- Compra obxectos e instrumentos que estean feitos doutros materiais
- Leva os xoguetes que non uses a ONG

3. Nomea iniciativas que coñezas para protexer o medioambiente.



4. Que che parece que os supermercados cobren 0,05 ou 0,10 céntimos de euro por bolsa de plástico?

5. Cales son as tres 'R'?

6. Que farías para terminar coa contaminación do plástico?

7. Crees que os días como o Día Mundial da Terra son útiles para a xente? Explica a túa resposta.
